

PREMIO XERAIS DE NOVELA

33ª edición

Edicións Xerais de Galicia convoca a trixésimo terceira edición do PREMIO XERAIS DE NOVELA en lingua galega, dotado con 10 000 euros, que se rexerá polas seguintes **BASES:**

- 1ª. Poderán concorrer ao premio todos aqueles autores/as de calquera nacionalidade que presenten os seus orixinais en lingua galega, conforme á normativa vixente. Os textos presentados han ser inéditos e totalmente orixinais, non podendo ter sido comunicados, nin na súa totalidade, nin por partes, por ningún tipo de procedemento.
 - 2ª. De cada orixinal presentaranse seis copias en papel, mecanografadas a dobre espazo e debidamente encadernadas, acompañadas dun cedé no que se incluírá a obra en formato pdf, antes do día 31 de marzo de 2016 nos locais sociais de Edicións Xerais de Galicia, S.A., rúa Doutor Maraño, 12. 36211 Vigo.
 - 3ª. Co orixinal, que deberá ser presentado baixo lema e sen ningún tipo de dato que identifique ao seu autor/a, achegarase, en sobre pechado, o nome completo, enderezo e teléfono do autor/a, así como o título da obra, indicando no sobre: para o Premio Xerais de Novela.
 - 4ª. O xurado estará composto por cinco membros, escollidos entre lectores e lectoras e un secretario con voz e sen voto en representación de Edicións Xerais de Galicia, S.A. O premio outorgarase por maioría de votos.
 - 5ª. A composición do xurado darase a coñecer no mes de maio.
 - 6ª. O xurado emitirá o seu fallo no curso da Festa Xerais que se celebrará o día 4 de xuño.
 - 7ª. O premio poderá ser declarado deserto no caso de que o xurado así o estime e a decisión será inapelable.
 - 8ª. Edicións Xerais de Galicia, S.A., que reserva os dereitos de edición sobre a novela premiada en todas as linguas, coa posibilidade de ceder tales dereitos a terceiros, poderá publicar esta sen limitación do número de exemplares nin de edicións. Os tres mil primeiros exemplares vendidos estarán libres do pagamento de dereitos de autor/a. O beneficiario/a do premio, que se compromete a renunciar expresamente a calquera pretensión sobre os devanditos dereitos, recibirá gratuitamente vinte e cinco exemplares da obra publicada.
 - 9ª. Os orixinais non premiados poderán retirarse no mes seguinte ao fallo. Os que non se retiren serán destruídos.
- A participación nesta convocatoria requirirá a aceptación das normas contidas nas presentes bases e as decisións do xurado que se teña designado.

Vigo, xaneiro 2016

Todos os Xerais

1984: Carlos González Reigosa <i>Crime en Compostela</i>	1995: Aníbal C. Malvar <i>Unha noite con Carla</i>	2006: Diego Ameixeiras <i>Tres segundos de memoria</i>
1985: Lois Xosé Pereira <i>As horas de cartón</i>	1996: Manuel Seixas <i>A velocidade do frío</i>	2007: Rexina Vega <i>Cardume</i>
1986: Xoán Bernárdez Vilar <i>No ano do cometa</i>	1997: Xavier Manteiga <i>Manancial</i>	2008: Manuel Lourenzo González <i>O xardín das pedras flotantes</i>
1987: Xosé Ramón Pena <i>Para despois do adeus</i>	1998: Xosé Miranda <i>Morning Star</i>	2009: Rosa Aneiros <i>Sol de Inverno</i>
1988: Francisco X. Fernández Naval <i>O bosque das antas</i>	1999: Anxo Angueira <i>Pensa nao</i>	2010: Iolanda Zúñiga <i>Periferia</i>
1989: Darío Xohán Cabana <i>Galván en Saor</i>	2000: Luis Rei Núñez <i>Expediente Artieda</i>	2011: Xavier Queipo <i>Extramunde</i>
1990: Alfonso Álvarez Cáccamo <i>As baleas de Eduardo Reinoso</i>	2001: Marilar Aleixandre <i>Teoría do Caos</i>	2012: Manuel Lourenzo/María Lourenzo <i>Tonas de laranxa</i>
1991: Xosé Fernández Ferreiro <i>Agosto do 36</i>	2002: Inma López Silva <i>Concubinas</i>	2013: Xabier López López <i>Cadeas</i>
1992: Xosé Carlos Caneiro <i>O infortunio da soidade</i>	2003: Jaureguizar <i>Casa Skylab</i>	2014: María Reimóndez <i>Dende o conflito</i>
1993: Deserto	2004: Manuel Veiga <i>O exiliado e a primavera</i>	2015: Héctor Cajaville <i>De remate</i>
1994: Darío Xohán Cabana <i>O cervo na torre</i>	2005: Teresa Moure <i>Herba moura</i>	